

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR:**CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG nº 180 do 18 de setembro de 2024), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son concedidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS/NAIS/PERSOAS TITORAS LEGAIS, segundo as seguintes normas:

- 1.- Conforme o establecido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto de 1996), corresponde elixir no presente proceso electoral por 4 anos a **dous representantes**, dun total de tres que pode ter o Consello Escolar. Un deles será designado como marca a lexislación pola ANPA polo que só sairá elixido nesta votación o segundo representante. O terceiro continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día e data da presente está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata ás **14:00 horas** do día **7 de novembro de 2024**.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas correspondentes poderanse presentar no rexistro da secretaría do centro a partir do día **26 de outubro de 2024** e ata as **14:00 horas** do día **05 de novembro do 2024**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os/as pais/nais ou persoas titoras legais que non se presenten como candidatos, o día **11 de novembro, ás 10:25 horas**. A devandita mesa electoral estará composta pola Directora do centro que actuará como Presidente, e catro pais/nais/persoas titoras legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.
- 5.- A mesa electoral será constituída o día **22 de novembro de 2024**, en acto público, ás **16:30 horas**. A partir da súa constitución realizarase a votación ata as **19:00 horas**.
- 6.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **1 nome** dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Finalizada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do centro.
- 9.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Chantada, a 25 de outubro de 2024

A Directora do centro

Presidenta da Xunta Electoral



Asdo: Ana Mª Jorge Diéguez.

